



INFORME DA SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE ESTABLECEN OS CRITERIOS TÉCNICO-DEPORTIVOS PARA A OBTENCIÓN DAS CONDICIÓNIS DE PERSOA DEPORTISTA DE ALTO NIVEL, ALTO RENDEMENTO DEPORTIVO E RENDEMENTO DEPORTIVO DE BASE, E OS CRITERIOS DEPORTIVOS PARA O RECOÑECIMENTO DOS NÚCLEOS DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO

En cumprimento do disposto no artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, respecto do *Proxecto de Orde pola que se establecen os criterios técnico-deportivos para a obtención das condicións de persoa deportista de alto nivel, alto rendemento deportivo e rendemento deportivo de base, e os criterios deportivos para o recoñecemento dos núcleos de adestramento deportivo especializado*, esta Secretaría Xeral emite o preceptivo

INFORME

1.- Marco normativo

O Estatuto de autonomía de Galicia aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 27.22, atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia da promoción do deporte e axeitada utilización do ocio.

Ao abeiro desta competencia aprobouse a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte en Galicia, que ten por obxecto a promoción e a coordinación do deporte na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a ordenación do seu réxime xurídico e a súa organización institucional, de acordo coas competencias que o Estatuto de autonomía e o resto do ordenamento xurídico lle atribúen á Comunidade Autónoma de Galicia. A promoción do deporte de competición e de alto nivel en colaboración coas federacións deportivas e demais entidades con competencia en materia de deporte, ven establecido no seu artigo 4.g), entre os principios xerais conforme aos que as administracións públicas galegas fomentarán a práctica do deporte.

Así mesmo, entre as competencias da Comunidade Autónoma establecidas na Lei 3/2012, do 2 de abril, o artigo 5.1., letras m) e q), están as de “regular e fomentar o deporte e os deportistas de alto nivel de Galicia e as categorías de deportistas, así como os requisitos para ser incluídos nestas e os seus beneficios”, e “establecer e, no seu caso, recoñecer os centros de alto nivel deportivo da Comunidade Autónoma.





Ningunha instalación que non sexa recoñecida pola Administración autonómica poderá utilizar as denominacións establecidas por ela neste ámbito”.

O Título IV da Lei 3/2012, do 2 de abril, que regula os axentes da actividade deportiva, establece no artigo 32.2 que “atendendo a criterios de rendemento e mérito deportivo, os deportistas poderán ser de alto nivel ou doutras categorías que poidan establecerse regulamentariamente”. De acordo co artigo 34 “1. Terán a consideración de deportistas galegos de alto nivel, ou doutras categorías que se poidan establecer, aqueles deportistas que reúnan os requisitos establecidos regulamentariamente e sexan recoñecidos como tales pola Administración autonómica en función dos seus resultados, proxección, nivel deportivo, expectativas de progreso e interese para o deporte galego. 2. A Administración autonómica establecerá as formas de apoio para estes deportistas galegos, así como a súa inserción social e profesional durante a súa carreira deportiva e ao final desta”. Pola súa banda, o artigo 35 establece que “En función dos intereses deportivos da Comunidade Autónoma, poderán ser declarados de alto nivel os técnicos, adestradores e árbitros en función dos mesmos criterios de interese deportivo a que se refire o artigo anterior”.

A continuación, no artigo 36 quedan recollidos os beneficios dos deportistas de alto nivel, establecendo que a súa concreción, extensión e colectivos aos que se apliquen, determinaranse regulamentariamente en atención á relevancia, repercusión social e oportunidade da respectiva actividade, así como aos obxectivos deportivos da Administración galega. Así mesmo, regulamentariamente poderá establecerse a condición vitalicia de deportista galego de alto nivel para aqueles que se caracterizasen especialmente por elevar o nivel do deporte galego ou a representación deportiva de Galicia, no marco da función honorífica da Xunta de Galicia.

En desenvolvemento dos preceptos citados, aprobouse o Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia, que contén as seguintes previsións:

Regula no artigo 5 os requisitos para a obtención das condicións de alto nivel e alto rendemento deportivo, e prevé que as persoas solicitantes deberán acreditar os criterios técnico deportivos que deberán ser aprobados por orde da persoa titular da consellería competente en materia de deporte.

A continuación, regula no artigo 33 a condición de persoa deportista de rendemento deportivo de base e prevé que as persoas solicitantes deberán acreditar os criterios técnico deportivos que deberán ser aprobados por orde da persoa titular da consellería competente en materia de deporte.





E así mesmo, no artigo 40 regula os requisitos necesarios para o recoñecemento da condición de núcleos de adestramento deportivo especializado, entre os que figura o de acreditar o nivel e requisitos deportivos que se requiran e que deberán ser aprobados por orde da persoa titular da consellería competente en materia de deporte.

Finalmente, ao abeiro da disposición derradeira terceira do Decreto 165/2020, do 17 de setembro, que faculta á persoa titular da consellería competente por razón da materia para ditar as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento, regúlanse as facultades de comprobación da Administración deportiva sobre os núcleos de adestramento deportivo especializado.

A presente orde dítase en desenvolvemento dos citados preceptos do Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia.

2. Necesidade, acerto e oportunidade

Respectando o marco normativo, a regulación prevista neste responde á necesidade de desenvolver as previsións dos artigos 5.2, 33.3 e 40.1.f e ao abeiro da Disposición transitoria terceira do Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia.

Derrógase a normativa anterior na materia, establecida na Orde do 30 de maio de 2005, pola que se establecen os criterios para o recoñecemento dos deportistas galegos de alto nivel.

3.- Contido

O proxecto de orde estrutúrase en 8 artigos, unha disposición transitoria única, unha disposición derogatoria única, dúas disposicións derradeiras e un anexo.

O articulado establece o obxecto da norma, os conceptos e regras xerais para a aplicación dos criterios técnico-deportivos, criterios técnico-deportivos para as persoas deportistas, criterios técnico-deportivos para as persoas adestradoras ou técnicas, criterios técnico-deportivos para as persoas xuíces-árbitros, criterios deportivos para os núcleos de adestramento especializado, facultades de comprobación dos NADE.

A disposición transitoria regula a tramitación dos procedementos iniciados con anterioridade. A disposición derogatoria contempla a derogación das normas afectadas. As disposicións derradeiras regulan a habilitación para ditar instrucións para a aplicación da norma e a súa entrada en vigor.





4.- Tramitación e procedemento

A tramitación do proxecto realizouse de conformidade co establecido no Título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Consta no expediente a documentación xustificativa dos seguintes trámites:

- Certificado trámite consulta pública previa 21/05/2021 e memoria do 25/05/2021 das achegas recibidas
- Acordo de inicio do 21/05/2021
- Memoria xustificativa do 21/05/2021
- Memoria económica - financeira do 21/05/2021
- Táboa de vixencias do 21/05/2021
- Informe do Servizo de Apoio Técnico, do 26/05/2021
- Memoria do 26/05/2021 xustificativa da redución de prazos do trámite de audiencia e información pública
- Memoria trámite de audiencia do 08/06/2021 e nova memoria do 21/06/2021
- Informe da Secretaría Xeral da Igualdade, do 03/06/2021 e memoria do 08/06/2021 do tratamento dado ás súas observacións
- Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, do 31/05/2021
- Informe Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, do 03/06/2021 e novo informe do 17/06/2021
- Certificado publicación Portal de Transparencia e Goberno Aberto, do 07/06/2021.
- Informe da Asesoría Xurídica, do 14/06/2021
- Memoria xustificativa da Secretaría Xeral para o Deporte do tratamento dado ás alegacións recibidas do 21/06/2021

En virtude do exposto, emítese o presente informe de conformidade cos artigos 40.4 e 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Santiago de Compostela

O Secretario Xeral da Presidencia

Álvaro Pérez López

